

COMO SE ORIXINA O LUME

O TRIÁNGULO DO LUME

- Para a aparición do lume é necesario a confluencia en espazo e tempo dos tres elementos representados nos dous lados do triángulo equilátero chamado triángulo do lume.
- É imposible a aparición do lume sen a confluencia destes tres factores.
- Para apagar un incendio abonda con romper un dos lados do triángulo, eliminando o combustible, eliminando o comburente (aire) ou eliminando a calor (arrefriando).



CONSIGNAS DE SEGURIDADE:

TIPOS DE LUME:

clase	Combustible que o orixina	Método de extinción
A	COMBUSTIBLES SÓLIDOS. Materiais que deixan brasa ao arderen, madeira, carbón, papel, etc.	Arrefriamento
B	COMBUSTIBLES LÍQUIDOS. Todos os que arden en estado líquido; alcatrán, gasolinas, aceites, graxas, etc.	Sufocación ou inhibición da reacción en cadea
C	COMBUSTIBLES GASEOSOS. Acetileno, butano, propano, gas cidade, etc.	Eliminación do combustible (pechar válvulas), sufocación ou inhibición da reacción en cadea.
D	COMBUSTIBLES ESPECIAIS Metais combustibles e outros produtos de especial combustión; sodio, potasio, aluminio pulverizado, magnesio, titanio, circonio, etc.	Consultar a un experto
E	Calquera lume en presenza de TENSIÓN ELÉCTRICA, superior a 25 V.	Cortar a subministración eléctrica e extinguir por sufocación con axentes extintores non condutores.

AXENTES EXTINTORES

	A sólidos	B líquidos	C gases	D metais	E eléctricas
Auga pulverizada	Excelente	Aceptable	Nulo	Nulo	Perigoso
Auga a chorro	Bo	Nulo	Nulo	Nulo	Moi perigoso
Anhídrido carbónico	Aceptable Lume pequeno	Aceptable Lume pequeno	Nulo	Nulo	Bo
Escuma física	Bo	Bo	Nulo	Nulo	Perigoso
Po seco normal	Aceptable	Bo	Bo	Nulo	Bo
Po seco ABC	Bo	Bo	Bo	Nulo	Bo < 1000 Voltios
Po metais	Nulo	Nulo	Nulo	Bo	Nulo
Halóns e substitutos	Aceptable Lume pequeno	Aceptable Lume pequeno	Nulo	Nulo	Bo

PLAN DE EMERXENCIA E EVACUACIÓN; FORMA DE ACTUACIÓN

- O Plan de Emerxencia debe incluír todas as instrucións necesarias e detalladas acerca de como evacuar o edificio e o nome das persoas encargadas da evacuación. Este Plan debe ser coñecido por todos os traballadores da empresa, para que poida ser operativo.
- En caso de evacuación: Proceda con calma pero con rapidez durante a evacuación; nunca utilice os ascensores xa que se pode producir unha perda de enerxía e quedar atrapado.
- Se é o último en saír dun cuarto cerre a porta sen botar o ferrollo. Non abra nunca unha porta sen tocala co dorso da man; se está quente probe outra saída. Se non a hai pida axuda
- Mantéñase o máis cerca posible do chan para evitar o fume e os gases tóxicos (producen máis lesións que o lume). Se é posible tape o nariz e a boca cun pano húmido.
- Unha vez que estea nun lugar seguro fóra do edificio, diríxase inmediatamente á área acordada para que os responsables saiban que está a salvo.

AUGA:

- A auga obtense a partir de extintores de auga ou ben a través das BIE's. Extingue principalmente por arrefriamento e pode ser utilizada en forma de chorro ou finamente pulverizada.
 - Forma de chorro: lume clase "A".
 - Auga pulverizada: lume clase "A" e "B" cando se trate de líquidos combustibles pesados; fuel, gasóleo, etc.
- Xamais se deberá empregar auga para a extinción de lume de tipo E (incendios eléctricos) xa que existe perigo de electrocución.

ANHÍDRIDO CARBÓNICO (CO₂):

- É un gas máis pesado có aire, despraza o osíxeno e apaga por sufocación. A súa maior aplicación tena n incendios eléctricos por non ser conductor e non deixar residuos; lume clase "E". Eficaz para o lum producido por líquidos inflamables (tipo "B") A súa grande vantaxe é a inocuidade. OLLO ao aplical posto que sae a -73 ° C (queima).

PO SECO (NORMAL BC E POLIVALENTE ABC):



Os extintores de po son compostos químicos, actualmente utilízanse dous tipos de po seco; o po seco normal e o polivalente ou antibrasa. Este último refresca moito máis o combustible polo que é efectivo para lume do tipo "A".

Xeralmente o po seco normal é efectivo nos lumes de tipo "B", "C" e lume en presenza de ten eléctrica. Pódese empregar no lume tipo "A", pero seguidamente haberá que utilizar auga para que non se reaviven as chamas.


A única pega deste tipo de extintores é que manchan e son lixeiramente corrosivos para os equipos electrónicos.



UTILIZACIÓN DE EXTINTORES E BIE's

EXTINTORES:

1. Quitar o dispositivo de seguridade.
2. Apunte co extintor cara á base das chamas.
3. Aperte a válvula mentres mantén o extintor vertical.
4. Estenda o contido do extintor, movéndoo dun lado para outro cubrindo toda a fronte das chamas. ¡Só se dispón de 30 segundos !



BIE's (BOCAS DE INCENDIOS EQUIPADAS)

1. Abrir a tapa do armario ou romper o seu cristal.
2. Xirar a manguera cara a fóra.
3. Desenrolar a manguera na dirección na que está o lume.
4. Necesítanse dúas persoas: unha suxeitará a boquilla coas dúas mans, abríndoa lixeiramente para que escape o aire ao abrir a válvula de paso da auga. A outra abrirá a válvula xirando o volante cara á esquerda, progresivamente -nunca bruscamente- e irá axudar ao compañeiro a suxeitar a manguera.
5. Suxeitar a manguera entre dúas persoas, coas dúas mans e a unha distancia entre elas de 1m aproximadamente.
6. Utilizar auga pulverizada cos obxectos que arden. No caso de ter que atacar o lume dende lonxe utilice o chorro.
7. Se o fume é moi intenso agáchese. (Lembre, utilice a manguera cando sexa seguro facelo, non arrisque a súa vida e espere a actuación dos bombeiros en caso contrario).
8. Se a BIE é de 25 mm (ríxida de plástico) o procedemento varía un pouco, non é necesario o desenvolvemento completo da manguera son manexables por unha soa persoa. Algunhas das BIE's de 25 mm son automáticas, ao desenrolar a manguera un par de voltas, comeza automaticamente a proxectar auga.

